



**Confederación Intersindical Galega**

BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS



## Caixa Galicia: Non á (Re) presión

Unha vez máis vémonos na obriga de saír a rúa para denunciar a política de relacións laborais da Caixa de Aforros de Galicia. Dende fai tres anos Caixa Galicia está nun proceso de reconversión da entidade implantando unha xestión propia dun Banco privado, non dunha Caixa de Aforros. Modelo que ten graves repercusión laborais e sociais.

O incremento do volume de negocio e do número de clientes non se traduciu nun incremento do cadro de persoal, a Caixa está amortizando postos de traballo en Galiza reducindo o persoal de atención ao público.

Froito dese incremento do negocio e da redución do número de traballadores e traballadoras asistimos a un incremento brutal da carga de traballo, hoxe o persoal xestiona un 75% máis de traballo que fai tres anos entre descualificacións permanentes da equipa directiva por non acadar os obxectivos que nos imponen unilateralmente.

Porque malia o incremento da produtividade, e do volume de negocio xestionado por cada traballador ou traballadora, a empresa continúa implantando numerosos sistemas de control do traballo diario e hora a hora, demostrando unha desconfianza absoluta na profesionalidade dos traballadores e traballadoras.

Esta situación está levando a gran parte do persoal a realizar numerosas horas extras co fin de cumprir os desmedidos obxectivos marcados pola empresa. Horas que non se pagan nin cotizan á Seguridade Social. Caixa Galicia foi sancionada en diversas ocasións polas Inspeccións de Traballo ante as denuncias presentadas.

En decembro empresa e sindicatos abrimos un proceso de diálogo para solucionar a grave situación laboral. A negociación está bloqueada nos aspectos máis importantes: emprego, regulación das cargas de traballo e todo o relacionado coa presión e o acoso ao que se encontra sometido o cadro de persoal.

Ante esta situación estamos hoxe aquí para reclamar o desbloqueo da negociación, o persoal de Caixa Galicia non pode agardar máis tempo.

O lema desta Convención, á que están chamados a participar 1.000 traballadores e traballadoras da Caixa, é “(re)evolución”. Quede claro que as revolucións son liberadoras todo o contrario do que esta facendo esta empresa, que involuciona cara un modelo laboral desregulado propio do capitalismo feroz e salvaxe do século XIX.

Aquí non hai (re)evolución, presiónase dobremente ao persoal,  
logo hai (re)presión.